

ADMINISTRACIÓN LOCAL MUNICIPAL DODRO

Oferta de emprego público exercicio 2024

Ao abeiro do indicado no artigo 70.2 do TREBEP aprobado por Real Decreto Legislativo 5/2015, do 30 de outubro, faise pública a oferta de emprego público do Concello de Dodro correspondente a 2024, aprobada por Resolución da Alcaldía 638/2024, que resolve:

“PRIMEIRO.- Avogar, en relación ao presente expediente a competencia delegada na Xunta de Goberno Local mediante Resolución núm. 401/2023 de 27/07/2023 (BOP núm. 147 do 27/07/2023) de conformidade co disposto no art. 10 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

SEGUNDO.- Aprobar a Oferta ordinaria de Emprego Público para o exercicio 2024 que contén as seguintes prazas:

Cód. RPT	GRUPO	SUBGRUPO	CLASIFICACIÓN	Denominación
1005	C	C2	Escala Administración Xeral, subescala auxiliar administrativa	Auxiliar Administrativo

TERCEIRO.- Publicar anuncio da Oferta ordinaria de Emprego Público no Boletín Oficial da Coruña, no Diario Oficial de Galicia e no taboleiro de anuncios da sede electrónica.

CUARTO.- Convocar a praza ofertada en execución da presente Oferta de Emprego Público dentro do prazo improrrogable de tres anos a contar desde a súa data de publicación, debendo acreditarse nese intre a existencia de consignación orzamentaria axeitada e suficiente.

QUINTO.- Remitir a presente resolución á Administración Xeral de Estado ao abeiro da D.A.1º do Real Decreto 656/2024 do 02 de xullo polo que se aproba a oferta de emprego público correspondente ao exercicio 2024.

SEXTO.- Dar conta á Xunta de Goberno Local e ao Pleno na vindeira sesión ordinaria que se realice.”.

Contra esta resolución poderase interpor o recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo, no prazo de dous meses contados dende o día seguinte ao da publicación, de conformidade co establecido no art. 46.1 da Lei 29/1998, do 13 de xuño, reguladora da xurisdición contencioso administrativa.

Así mesmo, poderase interpoñer recurso potestativo de reposición perante o órgano que dita a resolución, no prazo dun mes, contado a partir do día seguinte ao da publicación.

Dodro, 11 de decembro de 2024

O alcalde

Francisco Xabier Castro Tourís

2024/8968